CONCELLO DE SANTIAGO

**INFORME DO SERVIZO DE XESTIÓN DE PERSOAL, RECURSOS HUMANOS E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

**ASUNTO: Valoración das ofertas para un Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais para o Concello de Santiago de Compostela.**

A Mesa de Contratación celebrada o día 5 de xuño de 2013, realizou a apertura do SOBRE Nº 2 de cada unha das empresas e entidades que presentaron a súa oferta, o cal contén a documentación da Proposición Técnica para os criterios NON AVALIABLES mediante cifras ou porcentaxes.

A Mesa de Contratación remitiu esta documentación do SOBRE Nº 2 de seis empresas e entidades ao servizo de Persoal, RR.HH. e Prevención de Riscos Laborais, para a súa valoración.

As seis entidades e empresas a valorar neste informe son as seguintes:

- UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.
- GEROSALUD, S.L..
- SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP, S.L.
- SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO, S.L.U.
- NORPREVENCIÓN, S.L.
- SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA, S.L.U.

O prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dun Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais establece os seguintes criterios de adxudicación con respecto desta documentación do SOBRE Nº 2:

**B) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES:**

**B1) Proposta técnica de organización do servizo.** As ofertas valoraranse de 0 ate 43 puntos.

Valoraranse os aspectos de organización das actividades que se concertan e da prestación dos servizos que se contratan e que figuran na documentación da proposta técnica presentada por cada un dos licitadores.
Aos efectos deste criterio valorarase con maior puntuación aquelas propostas que polas características técnicas ofertadas da súa xestión, dos seus recursos e da súa organización representen a mellor calidade posible para a prestación dos servizos e das actividades que se contratan e que poidan adaptarse mellor ás necesidades e ao sistema de funcionamento do concello.

Así pois, para este criterio valoraranse os seguintes aspectos das propostas técnicas que presentarán os licitadores, e que se describen nos seguintes subapartados:

**B1).1.-** Aspectos da proposta técnica relativos aos medios técnicos, materiais e organizativos para a prestación do servizo dos que dispón o licitador para a realización das actividades preventivas contratadas e que teñan relación coas especialidades ou disciplinas técnicas de hixiene industrial, seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía: ate 20 puntos.

Valorarase con maior puntuación aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan de maiores e mellores medios materiais, medios técnicos e organizativos propios que permitan desenvolver con maior calidade de servizo para o concello as actividades preventivas contratadas e relacionadas coas especialidades ou disciplinas técnicas (de hixiene industrial, seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía, etc).

**B1).2.-** Aspectos da proposta técnica relativos aos medios técnicos, materiais e de organización para a prestación do servizo dos que dispón o licitador para a realización das actividades preventivas concertadas e que teñan relación coa Medicina do Traballo e os recoñecementos médicos: ate 8 puntos.

Valorarase con maior puntuación aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan de maiores e mellores medios materiais, medios técnicos e organizativos propios que permitan desenvolver con maior calidade de servizo para o concello as actividades preventivas contratadas e relacionadas coa disciplina de Medicina no Traballo e coas actividades de recoñecementos médicos e vixilancia da saúde.

**B1).3.-** Aspectos da proposta técnica relacionados coa proximidade do centro médico-sanitario do licitador no cal se realizarán os recoñecementos médicos do persoal municipal: ate 10 puntos.

Valorarase con maior puntuación a aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan de centros médicos-sanitarios fisicamente máis próximos ao edificio principal do concello no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n, e que permitan a realización dos recoñecementos médicos do persoal municipal coa menor perda de tempo de traballo e de desprazamentos.

**B1).4.-** Aspectos da proposta técnica do licitador relacionados co emprego das novas tecnoloxías na prestación dos servizos que se contratan: ate 5 puntos.

Valorarase con maior puntuación a aqueles licitadores que na súa proposta técnica permitan un maior emprego das novas tecnoloxías que repercuta favorablemente na prestación do servizo, redunde nunha maior calidade e aporte un valor engadido no servizo que se contrata. Valorarase que o licitador permita dispor dun acceso por internet ou por correo electrónico aos resultados das probas médicas sen ter que realizar desprazamentos para recoller en papel os resultados das probas. Tamén se valorará o uso de portais seguros en internet para consultar ou descargar a documentación preventiva do concello, consulta dos certificados de aptitude dos recoñecementos médicos, acceso e consulta por internet de información ou documentación en materia de prevención de riscos laborais que poida de interese, etc.

Analizada toda a documentación técnica presentada polas empresas,

INFÓRMASE O SEGUINTE:

Ao respecto do primeiro criterio B1).1:

**B1).1.-** Aspectos da proposta técnica relativos aos medios técnicos, materiais e organizativos para a prestación do servizo dos que dispón o licitador para a realización das actividades preventivas contratadas e que teñan relación coas especialidades ou disciplinas técnicas de hixiene industrial, seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía: ate 20 puntos.
Valorarase con maior puntuación aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan de maiores e mellores medios materiais, medios técnicos e organizativos propios que permitan desenvolver con maior calidade de servizo para o concello as actividades preventivas contratadas e relacionadas coas especialidades ou disciplinas técnicas (de hixiene industrial, seguridade no traballo, ergonomía e psicosocioloxía, etc).

UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, (UNIPRESALUD) SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.

UNIPRESALUD recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo. En concreto, UNIPRESALUD asignará para o concello a seis técnicos superiores en prevención de riscos laborais para a realización das actividades preventivas

en Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía. Un dos técnicos de prevención asignados, será a xornada completa e adicado só a este contrato co concello.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, UNIPRESALUD disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos que de forma resumida son: 8 dosímetros de ruído, 6 calibradores de sonómetros de ruído, 4 caudalímetros, 4 luxómetros, 4 medidores de CO2, temperatura e humidade, 1 medidor de vibracións, 2 monitores para estrés térmico, 1 monitor para sonda, 4 sonómetros, 1 explosímetro, 1 anemómetro e 13 bombas de aire para a toma de mostras.

Para o contrato co concello UNIPRESALUD ofrece realizar un total de 3.650 horas de traballo ao ano, as cales figuran na súa oferta distribuídas por cada técnico de prevención e por cada actividade e especialidade.

UNIPRESALUD recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade, de prevención de riscos e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.

GEROSALUD, S.L.

GEROSALUD, S.L. recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo. En concreto, GEROSALUD asignará para o concello a catro técnicos superiores en prevención de riscos laborais para a realización das actividades preventivas en Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía. Un dos técnicos de prevención asignados será a xornada completa e adicado só a este contrato co concello.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, GEROSALUD disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos que, de forma resumida, son 1 dosímetro de ruído, 1 calibrador de sonómetros de ruído, 1 calibrador de bombas de mostreo, 1 mostreador-bomba de alto-baixo caudal, 1 luxómetro, 1 medidor de vibracións, 1 monitor WBGT para estrés térmico, 1 monitor múltiple de gases, 1 sonómetro-integrador, 1 explosímetro, 1 anemómetro, medidores de terras e comprobadores de voltaxe e intensidade, impingers, cronómetro, e cámara dixital.

Para o contrato co concello GEROSALUD ofrece realizar un total de 2.227 horas de traballo ao ano, as cales figuran na súa oferta distribuídas, por cada técnico de prevención e por cada actividade e especialidade.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo. En concreto, SOCIEDADE DE PREVENCIÓN FREMAP asignará para o concello a dez técnicos superiores en prevención de riscos laborais para a realización das actividades preventivas en Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía. Un dos técnicos de prevención asignados será a xornada completa e adicado só a este contrato co concello.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos que de forma resumida son: 27 dosímetros de ruído, 7 calibradores de sonómetros de ruído, 15 calibradores de bombas, 8 luxómetros, 5 bombas para tubos colorimétricos, 5 aspiropsicrómetros, 4 medidores de CO2, temperatura e humidade, 1 medidor de vibracións, 3 equipos-monitores para estrés térmico, 1 monitor para sonda, 4 sonómetros, 5 explosímetros e detectores de gases, 5 anemómetros, 28 bombas de aire de baixo caudal para a toma de mostras, 48 bombas de alto caudal para toma de mostras, 1 medidor para instalacións eléctricas, 5 multímetros para seguridade

eléctrica, 1 termómetro de máxima-mínima, 2 pesas patrón. Debido á súa extensión, non se inclúe a relación de equipos e instrumentos técnicos da outra unidade de laboratorios situada en Vigo, que tamén estarían dispoñibles se fose preciso o seu uso, nin tampouco se inclúe a relación dos equipos e instrumentos técnicos disponibles nos laboratorios centrais en Madrid.
Así mesmo, a SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP porá a disposición do técnico de prevención que preste servizo para o concello os seguintes equipos para o traballo de campo e de gabinete: un tablet pc, pantalla TFT 17, bolsa, teclado e rato, memoria usb, un medidor láser, un sensor de temperatura por infravermellos, e unha cámara de fotos.

Para o contrato co concello a SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP ofrece realizar un total de 2.500 horas de traballo ao ano, as cales figuran na súa oferta distribuídas por técnicos de prevención e por cada actividade e especialidade.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade, de prevención de riscos e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP tamén posúe certificacións do Ministerio de Traballo, do INSHT, de ENAC, e do Ministerio de Industria e Enerxía para prestar o servizo e para realizar no seu laboratorio as determinacións e medicións de fibras de amianto e das mostras de po de sílice. O Laboratorio Central de Hixiene industrial está certificado pola AIHA (American Industrial Hygiene Association).
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP posúe a homologación da Fundación Laboral da Construción, para impartir formación para o Sector da Construción. Posúe tamén homologación pola Fundación do Metal para a Formación, Cualificación e o Emprego para impartir a formación para o Sector do Metal.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na súa oferta que conta cunha rede ou infraestrutura de Laboratorios Técnicos propios. Conta cun Laboratorio Central de Hixiene Industrial en Madrid, que pode realizar tanto as actividades de determinación e análise químico de mostras (cromatografía de gases, de líquidos, microscopia óptica, gravimetría, espectroscopia de infravermellos, espectrofotometría de emisión atómica) como as actividades de calibración de equipos e instrumentos (calibración de sonómetros, dosímetros, calibración de luxómetros, calibración de caudal de bombas de mostreo, de termoanemómetros e aspiropsicrómetros, calibración de equipos de Medicina do Traballo).
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP tamén conta con laboratorios rexionais de hixiene industrial, tamén denominados UEP que contan con equipos de mostraxe e de medición directa de contaminantes químicos e axentes físicos.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO, S.L.U.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo. En concreto, SOCIEDADE DE PREVENCIÓN ASEPEYO asignará para o concello a tres técnicos superiores en prevención de riscos laborais para a realización das actividades preventivas en Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía. Un dos técnicos de prevención asignados será a xornada completa e adicado só a este contrato co concello. Tamén asigna a un técnico de nivel intermedio en prevención.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO na súa oferta establece que disporá do uso dos equipamentos e instrumentos técnicos que sexan necesarios para realizar as actividades, sen concretar e sen incluir ningunha relación de equipos e instrumentos técnicos que estarían dispoñibles se fose preciso o seu uso. Tampouco se inclúe a relación dos equipos e instrumentos técnicos disponibles nos laboratorios centrais en Madrid e Barcelona.

Para o contrato co concello a SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO ofrece realizar un total de 2.227 horas de traballo ao ano, as cales figuran na súa oferta distribuídas por técnicos de prevención e por cada actividade e especialidade.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade e de prevención de riscos laborais, estando a empresa certificada na norma ISO 9001 e na OHSAS 18001.
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO tamén posúe certificación de conformidade coa ISO 9001 para prestar o seu Laboratorio Central especializado en Hixiene Industrial e en Medicina do Traballo.
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO posúe a homologación da Fundación Laboral da Construción, para impartir formación para o Sector da Construción.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na súa oferta que conta cunha infraestrutura de Laboratorios Técnicos propios. Conta con tres Laboratorios Generales de Análisis, divididos en dúas unidades ubicadas en Madrid e Barcelona, que poden realizar tanto as actividades de determinación e análises de mostras de Hixiene Industrial como as análises clínicas.

NORPREVENCIÓN, S.L.

NORPREVENCIÓN recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo. En concreto, NORPREVENCIÓN asignará para o concello a tres técnicos superiores en prevención de riscos laborais para a realización das actividades preventivas en Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía. Un dos técnicos de prevención asignados será a xornada completa e adicado só a este contrato co concello. Tamén se inclúe unha relación de persoal técnico de NORPREVENCIÓN das delegacións de toda Galicia, que puidesen ser requiridos para algún dos traballos co concello.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, NORPREVENCIÓN disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos que de forma resumida son: 2 bombas de lectura directa, 17 bombas de alto caudal, 3 bombas de baixo caudal, 10 cargadores de bombas, 3 calibradores para bombas, 2 centrais de medidores de gases múltiples, 2 explosímetros, 2 higrómetros, 3 luxómetros, 4 anemómetros, 2 impingers, 2 sonómetros integradores, 6 dosímetros de ruído, 2 calibradores de sonómetros, 2 calibradores de dosímetros, 3 medidores de estrés térmico, 1 medidor de calidade de aire, 3 medidores de terras, 2 voltímetros, 2 amperímetros, 2 frecuencímetros, 1 cronómetro.

Así mesmo, NORPREVENCIÓN porá a disposición dos técnicos de prevención que presten servizos para o concello os seguintes equipos para realizar os traballos: un pc para cada técnico, impresoras, B/N e cor, fotocopiadoras, vehículo para cada técnico, teléfono móbil, cámara de fotos dixital, e medios para impartir formación (retroproxectores, video proxectores, pantallas, ...).

Para o contrato co concello NORPREVENCIÓN ofrece realizar un total de 2.227 horas de traballo ao ano, as cales figuran na súa oferta distribuídas por técnicos de prevención e por cada actividade e especialidade.

NORPREVENCIÓN recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade, de prevención de riscos e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA, S.L.U.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo. En concreto, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA inclúe unha relación de recursos humanos da provincia de A Coruña que podería asignar para realizar as actividades para o concello,

incluíndo o seu posto actual e a súa titulación académica e profesional pero sen establecer o número concreto de técnicos superiores en prevención de riscos laborais asignados para a realización das actividades preventivas en Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA recolle na súa oferta unha relación de equipamentos e instrumentos técnicos que se empregan por toda España, que de forma resumida inclúe: máis de 344 bombas de alto caudal, máis de 89 calibradores de bombas, máis de 300 dosímetros de ruído, máis de 87 calibradores acústicos, máis de 54 monitores de calidade de aire, máis de 11 termohigrómetros, 1 termoanemómetro, 9 termohigroanemómetros, 8 monitores de confort térmico, máis de 99 luxómetros, máis de 24 monitores de estrés térmico, 2 medidores de vibracións de corpo completo, e 2 de man-brazo, 1 medidor de axentes biolóxicos, 5 medidores de radiacións non ionizantes, 1 medior de campo magnético estático, 1 medidor de radiacións ópticas, 26 detectores de gases, 1 pinza amperimétrica, 4 telurómetros, 1 comprobador de tensión/intensidade, 1 medidor de resistencia, 31 frecuenciómetros.

Para o contrato co concello a SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA ofrece realizar un total de 2.227 horas de traballo ao ano, as cales figuran na súa oferta distribuídas por cada actividade e especialidade preventiva.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade, de prevención de riscos e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA tamén posúe certificacións de AENOR e de IQNET para o deseño e desenvolvemento de aplicacións informáticas en tecnoloxías de información.

**<u>VALORACIÓN DE PUNTOS NO PRIMEIRO CRITERIO B1).1.:</u>**

Analizadas as seis propostas, en conxunto, resulta máis completa, detallada e xenerosa en canto aos medios técnicos e recursos humanos designados e que se poñen a disposición pola empresa para acadar os obxectivos e realizar as actividades preventivas de carácter técnico recollidas nos pregos, a proposta presentada pola Sociedade de Prevención Fremap, xa que ademais de ser a oferta que conta co maior número de técnicos superiores en prevención de riscos laborais directamente asignados ao contrato co concello (dez técnicos), tamén conta con medios materiais, instrumentos e equipamentos técnicos moi amplos e numerosos, que tamén asigna e describe de forma concreta.
Así mesmo, a Sociedade de Prevención Fremap conta co apoio dos seus propios laboratorios técnicos de Hixiene Industrial que permiten realizar as análises de mostras de contaminantes, acreditados na súa capacidade e calidade por múltiples institucións públicas e organismos privados con prestixio o que diferenza esta de outras propostas que, ou ben carecen de laboratorios técnicos propios, ou ben non acreditan posuír estas certificacións e garantías de calidade.

Ademais dos aspectos técnicos anteriores da proposta, os servizos da Sociedade de Prevención de Fremap contan coa garantía de seguir uns estándares de calidade, medio ambiente e de prevención de riscos laborais, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, norma ISO 14001 e na norma OHSAS 18001. Así mesmo, a Sociedade de Prevención Fremap ten unha ampla rede de oficinas técnicas en España, o que supón unha infraestrutura de apoio importante no aspecto técnico, organizativo e material e de experiencia e coñecementos acumulados nos servizos prestados que poden redundar no aporte dunha maior calidade técnica nos traballos que realicen para o concello.

Debido a todo o anterior, e sen ter en conta dentro deste primeiro criterio de adxudicación as melloras gratuítas e outros aspectos das propostas que son obxecto de valoración en outros criterios de adxudicación, a proposta técnica de medios materiais, humanos e recursos organizativos e técnicos da Sociedade de Prevención Fremap para realizar as actividades preventivas para o concello, parece que, de entre todas as propostas valoradas resulta a máis apta ou idónea para acadar os obxectivos e realizar as actividades técnicas concretas e previstas nos pregos.

Trala valoración máis alta da Sociedade de Prevención de Fremap, Universal Prevención y Salud (Unipresalud), sitúase en segundo lugar das puntuacións, tendo en conta entre outros aspectos técnicos e organizativos favorables desta oferta, que Unipresalud asigna a un número elevado de técnicos superiores en prevención (seis técnicos) para realizar as actividades preventivas que se contratan e figuran nos pregos, e tendo en conta que Unipresalud ten unha ampla rede de oficinas técnicas en España, o que supón unha infraestrutura de apoio importante no aspecto técnico, organizativo e material e de experiencia e coñecementos acumulados nos servizos prestados que poden redundar no aporte dunha maior calidade técnica nos traballos que realicen para o concello, contando ademais con certificacións externas en calidade dos seus servizos (ISO 9001), en medio ambiente (ISO 14001), e en prevención de riscos laborais.

En terceiro lugar das puntuacións, figura a Sociedade de Prevención Asepeyo, que conta con tres técnicos asignados para o concello, pero que ademais dos recursos humanos asignados directamente ao contrato co concello, ao ser unha entidade de âmbito nacional, conta co soporte e a experiencia dunha infraestructura ampla de oficinas técnicas e delegacións, persoal, medios técnicos e materiais, contando co aspecto favorable e o apoio que supón dispór dos seus propios laboratorios técnicos centrais (en Madrid e Barcelona) para as análises de mostras no âmbito das actividades técnicas de hixiene industrial, contando con acreditacións de calidade (ISO 9001) e de prevención de riscos (OHSAS 18001).

En cuarto lugar de puntuación Norprevención, sen contar cunha asignación de persoal técnico superior a outras ofertas, tamén conta cunha rede de oficinas técnicas en Galicia que poderían prestar un apoio técnico e material nos traballos co concello en caso necesario. A pesar de non contar con laboratorios técnicos propios para as análises de mostras, a súa dotación de instrumentos e medios materiais e técnicos é suficiente para realizar as actividades preventivas co concello e conta con acreditacións externas de calidade, medio ambiente e de prevención de riscos laborais.

En quinto lugar de puntuación, a Sociedade de Prevención Fraternidade Muprespa, conta cun cadro de persoal de técnicos de prevención de riscos na provincia de A Coruña que podería asignar para executar actividades preventivas para o concello, e ao ser unha entidade implantada en España, conta con medios técnicos e materiais amplos e dispoñibles, aínda que non os asigne de forma específica ou exclusiva ao concello. Conta con acreditacións de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais (ISO 9001, ISO 14001 e OHSAS 18001).

En sexto lugar de puntuación, Gerosalud presenta unha oferta que, comparada coas outras empresas, resulta contar cuns medios materiais e cunha dotación de instrumentos técnicos para realizar as actividades preventivas co concello que son máis reducidos e limitados que as outras empresas, non contando con laboratorios técnicos propios, nin co apoio dunha ampla rede de oficinas técnicas, nin con acreditacións de seguir uns estándares de calidade e de prevención de riscos na prestación dos seus servizos aos clientes, a pesares de propoñer asignar a catro técnicos superiores en prevención.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este primeiro criterio B1).1. é a seguinte:

| | |
|---|---|
| UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, SOC. DE PREV. | 12 puntos |
| GEROSALUD | 7 puntos |
| SOC. DE PREVENCIÓN FREMAP | 20 puntos |
| SOC. DE PREVENCIÓN ASEPEYO | 10 puntos |
| NORPREVENCIÓN | 9 puntos |
| SOC. DE PREV. DE FRATERNIDAD MUPRESPA | 8 puntos |

Ao respecto do segundo criterio B1).2.:

**B1).2.-** Aspectos da proposta técnica relativos aos medios técnicos, materiais e de organización para a prestación do servizo dos que dispón o licitador para a realización das actividades preventivas concertadas e que teñan relación coa Medicina do Traballo e os recoñecementos médicos: ate 8 puntos.

Valorarase con maior puntuación aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan de maiores e mellores medios materiais, medios técnicos e organizativos propios que permitan desenvolver con maior calidade de servizo para o concello as actividades preventivas contratadas e relacionadas coa disciplina de Medicina no Traballo e coas actividades de recoñecementos médicos e vixilancia da saúde.

UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, (UNIPRESALUD) SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.

UNIPRESALUD recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo e realizar as actividades de Medicina do Traballo, os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde dos traballadores do concello. En concreto, UNIPRESALUD asignará para o concello a cinco médicos especialistas en medicina do traballo, tres licenciados en medicina e seis DUE de empresa.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, UNIPRESALUD disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos que de forma resumida son: 3 audímetros, varios esfigmo, 3 espirómetros, varias básculas e aparatos de control de visión, 2 tallímetros, 2 cabinas audiométricas, maletíns de RCP, equipo de osixenoterapia, termómetro, pesas de calibración, nevera, 3 otoscopios, 2 oftalmoscopios, 4 fonendoscopios, 2 martelo de reflexos, 2 negatoscopios, 4 ECG e 1 secador.

UNIPRESALUD recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía acreditada de seguir uns estándares elevados de calidade, de prevención de riscos e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.

UNIPRESALUD recolle na súa oferta que é unha empresa que conta con 26 Unidades Móbiles en España para realizar Recoñecementos Médicos, das cales pon 2 unidades móbiles a disposición de uso para o concello.

GEROSALUD, S.L.

GEROSALUD, S.L. recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo e realizar as actividades de Medicina do Traballo, os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde dos traballadores do concello. En concreto, GEROSALUD asignará para o concello a un médico especialista en medicina do traballo, catro licenciados en medicina, un DUE de empresa e unha diplomada en enfermería. Así mesmo engade na oferta a varias persoas tituladas en medicina e especialistas de apoio.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, GEROSALUD disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos que de forma resumida son: espirómetro, 1 cabina audiométrica, equipos de Rx, TAC e resoancia para probas complementarias, e un ECG portátil.

GEROSALUD recolle na súa oferta que é unha empresa que conta con Unidade Móbil para realizar Recoñecementos Médicos.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo e realizar as actividades de Medicina do Traballo, os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde dos traballadores do concello. En concreto, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP asignará para o concello a un médico especialista en medicina do traballo, e unha DUE de empresa, sen prexuízo de que poidan actuar na prestación do servizo para os recoñecementos médicos o resto do persoal sanitario da Sociedade de Prevención de Fremap, que aparece relacionado con nome e apelidos, titulación e antigüidade laboral na Sociedade de Prevención de Fremap.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos e aínda que se compromete a cumprir coas condicións dos pregos, non figura a relación detallada de equipamentos e aparatos asignados para a realización das probas médicas dos recoñecementos, mencionando na oferta unicamente aos audiómetros, espirómetros, aparatos de control de visión, etc.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na súa oferta que conta cunha rede ou infraestrutura de Laboratorios Técnicos propios. Conta cun Laboratorio Central de Hixiene Industrial en Madrid, que pode realizar tanto as actividades de determinación e análise químico de mostras (cromatografía de gases, de líquidos, microscopia óptica, gravimetría, espectroscopia de infravermellos, espectrofotometría de emisión atómica) como as actividades de calibración de equipos e instrumentos, incluída a calibración dos seus equipos de Medicina do Traballo: calibración das cabinas de audiometría, dos espirómetros, aparatos de control de visión, electrocardiógrafos, ...).

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía para os seus clientes de seguir uns estándares de calidade, de prevención de riscos e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP recolle na súa oferta que é unha empresa que conta con Unidades Móbiles para realizar Recoñecementos Médicos, que pon a disposición de uso para o concello.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO, S.L.U.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo e realizar as actividades de Medicina do Traballo, os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde dos traballadores do concello. En concreto, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO asignará para o concello a un médico especialista en medicina do traballo, unha licenciada en medicina, e un DUE de empresa, sen prexuízo de que poidan actuar de forma complementaria na prestación do servizo para os recoñecementos médicos outros profesionais sanitarios da Sociedade de Prevención de Asepeyo.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos e aínda que se compromete a cumprir coas condicións dos pregos, non figura a relación detallada de equipamentos e aparatos asignados para a realización das probas médicas dos recoñecementos.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na súa oferta que conta cunha rede de Laboratorios Técnicos propios. Conta cun tres laboratorios propios en España, os cales poden realizar as análises clínicas.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade e de prevención de riscos, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, e na OHSAS 18001.
SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO recolle na súa oferta que é unha empresa que conta con Unidades Móbiles para realizar Recoñecementos Médicos, que pon a disposición de uso para o concello.

NORPREVENCIÓN, S.L.

NORPREVENCIÓN recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo e realizar as actividades de Medicina do Traballo, os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde dos traballadores do concello. En concreto, NORPREVENCIÓN asignará para o concello a un médico especialista en medicina do traballo, unha licenciada en medicina, e unha DUE de empresa.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, NORPREVENCIÓN disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos e aínda que se compromete a cumprir coas condicións dos pregos, non figura a relación detallada de equipamentos e aparatos asignados para a realización das probas médicas dos recoñecementos.

NORPREVENCIÓN recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade, medio ambiente e de prevención de riscos, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA, S.L.U.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA recolle na documentación da súa oferta a descrición de medios técnicos, materiais e organizativos para prestar o servizo e realizar as actividades de Medicina do Traballo, os recoñecementos médicos e a vixilancia da saúde dos traballadores do concello. En concreto, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA asignará para o concello a un médico especialista en medicina do traballo, e un DUE de empresa, sen prexuízo de que na oferta consta que en Santiago de Compostela están dotados de tres Unidades Básicas de Saúde (UBS). Tamén consta unha lista de persoal sanitario da Sociedade de Prevención de Fraternidad Muprespa que traballa na provincia de A Coruña.

En canto aos medios materiais e técnicos para a realización de actividades técnicas, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA disporá do uso dunha serie de equipamentos e instrumentos técnicos, comprométese a cumprir coas condicións dos pregos, e figura unha breve relación de equipamentos e aparatos asignados para a realización das probas dos recoñecementos médicos dentro das súas clínicas: negatoscopio mural 2 pantallas, aparato control de visión, espirómetro, cabina insonorizada, audiómetro, electrocardiógrafo, conxunto de RCP, otoscopio oftalmoscopio, nevera de conservación de vacunas, sillón extraccións, báscula mecánica con tallímetro, torso adulto RCP con controis luminosos.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA recolle na súa oferta que é unha empresa capacitada para prestar os seus servizos con garantía de seguir uns estándares de calidade, de prevención de riscos laborais e de medio ambiente, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, na ISO 14001 e na OHSAS 18001.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FRATERNIDAD MUPRESPA recolle na súa oferta que é unha empresa que conta con dúas Unidades Móbiles para realizar Recoñecementos Médicos no ámbito da provincia de A Coruña, que pon a disposición de uso para o concello.

**VALORACIÓN DE PUNTOS NO SEGUNDO CRITERIO, B1).2.:**

Analizadas as seis propostas, no seu conxunto resulta máis ampla, completa e detallada en canto aos medios materiais, técnicos e recursos humanos designados para o contrato co concello e que se poñen a disposición pola empresa para acadar os obxectivos e realizar as actividades preventivas da Medicina do Traballo, da vixilancia da saúde e para os recoñecementos médicos recollidos nos pregos, a proposta presentada por UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, SOCIEDAD DE PREV. (UNIPRESALUD), xa que ademais de ser a oferta que asigna ao maior número de persoal médico e sanitario ao contrato co concello, especifica tamén os medios materiais, instrumentos e equipamentos técnicos que asigna e describe de forma concreta e que resultan amplos e numerosos.

Así mesmo, UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD (UNIPRESALUD) ademais dos aspectos técnicos anteriores e favorables da súa proposta, conta coa garantía de prestar os seus servizos de Medicina do Traballo seguindo uns estándares de calidade, medio ambiente e de prevención de riscos laborais, estando a empresa certificada na norma ISO 9001, norma ISO 14001 e na norma OHSAS 18001.

Debido a todo o anterior, e sen ter en conta dentro deste criterio de adxudicación outros aspectos das propostas que son obxecto de valoración en outros criterios de adxudicación, a proposta técnica de medios materiais, humanos e recursos organizativos e técnicos de UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD (UNIPRESALUD) para realizar as actividades preventivas relacionadas coa Medicina do Traballo para o concello, parece que de entre todas as propostas valoradas resulta a máis apta ou idónea para acadar os obxectivos e realizar as actividades concretas previstas nos pregos.

Trala valoración máis alta de Universal Prevención y Salud (Unipresalud), sitúanse en segundo lugar das puntuacións, Gerosalud, Sociedad de Prevención Asepeyo e Sociedad de Prevención Fremap tendo en conta que a pesar de que estas ofertas non asignan directamente ao contrato a un número de persoal médico e sanitario tan elevado como Unipresalud (a pesares de contar co apoio de outro persoal non asignado directamente), presentan puntos fortes en determinados aspectos organizativos e da dotación de medios materiais (equipamentos médicos amplos, laboratorios técnicos propios para calibrar instrumentos e equipos médicos, laboratorios propios para realizar análises clínicas, ...)

En terceiro lugar das puntuacións, figuran Norprevención e a Sociedade de Prevención de Fraternidad Muprespa, que non presentan nas súas propostas e nos aspectos materiais, técnicos e organizativos os mesmos puntos fortes que as ofertas de maior valoración.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este segundo criterio B1).2 é a seguinte:

| | |
|---|---|
| UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, SOC. DE PREV. | 8 puntos |
| GEROSALUD | 7 puntos |
| SOC. DE PREVENCIÓN FREMAP | 7 puntos |
| SOC. DE PREVENCIÓN ASEPEYO | 7 puntos |
| NORPREVENCIÓN | 6 puntos |
| SOC. DE PREV. DE FRATERNIDAD MUPRESPA | 6 puntos |

Ao respecto do terceiro criterio B1).3.:

**B1).3.-** Aspectos da proposta técnica relacionados coa proximidade do centro médico-sanitario do licitador no cal se realizarán os recoñecementos médicos do persoal municipal: ate 10 puntos.

Valorarase con maior puntuación a aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan de centros médicos-sanitarios fisicamente máis próximos ao edificio principal do concello no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n, e que permitan a realización dos recoñecementos médicos do persoal municipal coa menor perda de tempo de traballo e de desprazamentos.

UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, (UNIPRESALUD) SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.

UNIPRESALUD recolle na súa documentación que ten un centro propio de atención sanitaria en Santiago de Compostela no seguinte enderezo:

Rúa Galeras, 34 – Locais 8-10.
15705 – Santiago de Compostela.

GEROSALUD, S.L.

GEROSALUD, S.L. recolle na súa documentación que ten un centro propio de atención sanitaria en Santiago de Compostela no seguinte enderezo:

Rúa Pintor Xaime Quesada, 2-4.
15702 – Santiago de Compostela.

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.

